



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 82 · Mércores, 11 abril 2018

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

- Convocatoria da XXXVII edición do Premio Blanco-Amor de novela longa ..... 2
- Convocatoria da XV edición do Premio "Pura e Dora Vázquez" de literatura infantil e xuvenil, nas modalidades de narración e ilustración ..... 3

#### III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

##### Consellería de Economía, Emprego e Industria

###### Dirección Xeral de Enerxía e Minas. Santiago de Compostela

- Resolución do 6 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da infraestrutura gasista correspondente ao proxecto de "Planta regasificación de gas natural licuado (GNL) e ampliación de rede en MOP 3,5 bar para subministración ao termo municipal do Barco de Valdeorras (Ourense)", promovido por Nedgia Galicia, S.A. (expediente IN627A 2017/31-0) ..... 5

##### Consellería de Infraestruturas e Vivenda

###### Servizo Provincial da AXI de Ourense

- Resolución do 23 de marzo de 2018, do Servizo Provincial de Ourense, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción "Mejora da seguridade viaria na OU-105-Seixalbo", de clave OU/16/247.06, no concello de Ourense ..... 6

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

##### Castrelo de Miño

- Exposición pública da aprobación inicial do orzamento xeral, as bases de execución e o cadro de persoal funcionario e laboral para o exercicio económico 2018 ..... 8

##### Castrelo do Val

- Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal do imposto sobre construción, instalacións e obras ..... 8
- Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas (IAE) ..... 11
- Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles (IBI) ..... 16
- Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora de taxas por prestación de servizos urbanísticos ..... 21

##### Gomesende

- Exposición pública do padrón cobratorio do imposto de circulación de vehículos correspondente ao exercicio 2018 ..... 23

##### Rairiz de Veiga

- Exposición pública da aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio económico de 2018 ..... 24

#### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

- Convocatoria de la XXXVII edición del Premio Blanco-Amor de novela larga ..... 2
- Convocatoria de la XV edición del Premio "Pura y Dora Vázquez" de literatura infantil y juvenil, en las modalidades de narración e ilustración ..... 4

#### III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

##### Consellería de Economía, Empleo e Industria

###### Dirección General de Energía y Minas. Santiago de Compostela

- Resolución de 6 de marzo de 2018, de la Dirección General de Energía y Minas, por la que se somete a información pública la solicitud de autorización administrativa y aprobación del proyecto de ejecución de la infraestructura gasista correspondiente al proyecto de "Planta regasificación de gas natural licuado (GNL) y ampliación de red en MOP 3,5 bar para suministro al término municipal de O Barco de Valdeorras (Ourense)", promovido por Nedgia Galicia, S.A. (expediente IN627A 2017/31-0) ..... 6

##### Consellería de Infraestructuras y Vivienda

###### Servicio Provincial de la AXI de Ourense

- Resolución de 23 de marzo de 2018, del Servicio Provincial de Ourense, por la que se señala la fecha para el levantamiento de actas previas a la ocupación de los bienes y derechos afectados por el proyecto de construción "Mejora de la seguridad viaria en la OU-105-Seixalbo", de clave OU/16/247.06, en el ayuntamiento de Ourense ..... 7

#### IV. ENTIDADES LOCALES

##### Castrelo de Miño

- Exposición pública de la aprobación inicial del presupuesto general, las bases de ejecución y el plantilla de personal funcionario y laboral para el ejercicio económico 2018 ..... 8

##### Castrelo do Val

- Aprobación definitiva de la modificación de la Ordenanza Fiscal del Impuesto sobre Construcciones, Instalaciones y Obras ..... 9
- Aprobación definitiva de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Actividades Económicas (IAE) ..... 13
- Aprobación definitiva de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Bienes Inmuebles (IBI) ..... 18
- Aprobación definitiva de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de Tasas por Prestación de Servicios Urbanísticos ..... 22

##### Gomesende

- Exposición pública del padrón cobratorio del impuesto de circulación de vehículos correspondiente al ejercicio 2018 ..... 24

##### Rairiz de Veiga

- Exposición pública de la aprobación inicial del presupuesto general para el ejercicio económico de 2018 ..... 24



## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

#### Anuncio

De conformidade co que acordou a Xunta de Goberno desta Deputación, na sesión do día da data, convócase a XXXVII edición do Premio Blanco-Amor de novela longa, con suxeición ás seguintes bases:

Primeira.- Poderán participar nel todos os autores e as autoras que presenten unha ou varias obras escritas en lingua galega segundo a normativa oficial.

Segunda.- As novelas terán unha extensión mínima de 150 folios mecanografiados ou escritos en ordenador (fonte Times New Roman, tamaño de fonte 12) a unha soa cara e a dous espazos, ou de 75 folios mecanografiados ou escritos en ordenador (fonte Times New Roman, tamaño de fonte 12) a dúas caras e a dous espazos.

Terceira.- As obras presentadas terán que ser inéditas.

Cuarta.- De cada obra presentaranse cinco copias asinadas cun lema, en paquete sen remite, dirixido á Deputación de Ourense, rúa Progreso n.º 32, 32003 Ourense, facendo constar no exterior "Para o XXXVII Premio Blanco-Amor". Nun sobre anexo, pechado e baixo o mesmo lema, indicaranse o nome e o enderezo do autor ou autora e, de ser posible, o seu teléfono e enderezo electrónico.

Quinta.- O prazo de admisión dos orixinais rematará o venres 14 de setembro de 2018, cento vinte e un aniversario do nacemento, en Ourense, de Eduardo Blanco-Amor.

Sexta.- O xurado do premio será nomeado pola Deputación de Ourense e a Fundación Eduardo Blanco-Amor, e estará composto por cinco membros de recoñecido prestixio no ámbito da cultura galega. Facúltase ao xurado para a interpretación e integración das posibles dúbidas nestas bases en todo o relativo á concesión do premio.

Sétima.- O premio estará dotado con 15.000 € e unha obra escultórica.

Oitava.- O premio poderase declarar deserto, de non existiren obras de calidade adecuada a xuízo do xurado.

Novena.- O xurado reunirse con tempo suficiente antes da entrega do premio e fará pública a súa decisión, perante os medios de comunicación.

Décima.- A concesión do premio implicará a cesión ao autor dos dereitos da primeira edición en lingua galega da obra. A dita edición deberá realizarse nun prazo máximo dun ano dende a data da entrega do premio, quedando sen efecto a cesión no caso de que no dito prazo non se leve a cabo.

O gañador deste premio comprométese a participar en cantas presentacións do libro lle requira a Deputación de Ourense ou a Fundación Eduardo Blanco-Amor, ata un máximo de dez.

As obras non premiadas devolveránselles aos/as autores/as que o soliciten nun prazo dun mes contado dende o día do veredicto. En caso de non recollerse dentro deste prazo os orixinais serán destruídos.

Décimo primeira.- A entrega do premio terá lugar nun acto literario organizado pola Deputación de Ourense e a Fundación Eduardo Blanco-Amor, o sábado 1 de decembro de 2018, trinta e nove cabodano do autor de A Esmorga.

Décimo segunda.- O feito de concorreren a este premio presupón que os/as autores/as aceptan estas bases.

2º.- A convocatoria deste premio publicarase no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial.

Contra este acordo pode interperse, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-adminis-

trativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos os dous recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Ourense, 6 de abril de 2018. O presidente.

### Diputación Provincial de Ourense

#### Anuncio

De conformidad con lo que acordó la Junta de Gobierno de esta Diputación, en la sesión del día de la fecha, se convoca la XXXVII edición del Premio Blanco-Amor de novela larga, con sujeción a las siguientes bases:

Primera.- Podrán participar en él todos los autores y autoras que presenten una o varias obras escritas en lengua gallega según la normativa oficial.

Segunda.- Las novelas tendrán una extensión mínima de 150 folios mecanografiados o escritos en ordenador (fuente Times New Roman, tamaño de fuente 12) a una sola cara y a dos espacios, o de 75 folios mecanografiados o escritos en ordenador (fuente Times New Roman, tamaño de fuente 12) a dos caras y a dos espacios.

Tercera.- Las obras presentadas tendrán que ser inéditas.

Cuarta.- De cada obra se presentarán cinco copias firmadas con un lema, en paquete sin remite, dirigido a la Diputación de Ourense, calle Progreso n.º 32, 32003 Ourense, haciendo constar en el exterior "Para el XXXVII Premio Blanco-Amor". En un sobre anexo, cerrado y bajo el mismo lema, se indicarán el nombre y domicilio del autor o autora y, de ser posible, su teléfono y dirección electrónica.

Quinta.- El plazo de admisión de los originales rematará el viernes 14 de septiembre de 2018, ciento veintiún aniversario del nacimiento, en Ourense, de Eduardo Blanco-Amor.

Sexta.- El jurado del premio será nombrado por la Diputación de Ourense y la Fundación Eduardo Blanco-Amor, y estará compuesto por cinco miembros de reconocido prestigio en el ámbito de la cultura gallega. Se faculta al jurado para la interpretación e integración de las posibles dudas en las presentes bases en todo lo relativo a la concesión del premio.

Sétima.- El premio estará dotado con 15.000 € y una obra escultórica.

Octava.- El premio se podrá declarar desierto, de no existir obras de calidad adecuada a juicio del jurado.

Novena.- El jurado se reunirá con tiempo suficiente antes de la entrega del premio y hará pública su decisión, ante los medios de comunicación.

Décima.- La concesión del premio implicará la cesión al autor de los derechos de la primera edición en lengua gallega de la obra. Dicha edición deberá realizarse en un plazo máximo de un año desde la fecha de la entrega del premio, quedando sin efecto la cesión en el caso de que en dicho plazo no se lleve a cabo.

El ganador de este premio se compromete a participar en cuantas presentaciones del libro le requiera la Diputación de Ourense o la Fundación Eduardo Blanco-Amor, hasta un máximo de diez.

Las obras no premiadas se devolverán a los/las autores/as que lo soliciten en un plazo de un mes contado desde el día del fallo. En caso de no recogerse dentro de este plazo los originales serán destruídos.

Decimoprimer.- La entrega del premio tendrá lugar en un acto literario organizado por la Diputación de Ourense y la

*Fundación Eduardo Blanco-Amor, el sábado 1 de diciembre de 2018, treinta y nueve cabo de año del autor de A Esmorga.*

*Decimosegunda.- El hecho de concurrir a este premio presupone que los/as autores/as aceptan estas bases.*

*Contra este acuerdo puede interponerse, potestativamente, un recurso de reposición ante la Junta de Gobierno de esta Diputación, en el plazo de 1 mes, como trámite previo al contencioso-administrativo, o bien directamente un recurso contencioso-administrativo, ante el Juzgado Provincial de lo Contencioso-Administrativo, en el plazo de 2 meses, sin que se puedan simultanear ambos recursos. Los plazos indicados se computarán a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP.*

*Ourense, 6 de abril de 2018. El presidente.*

**R. 1.085**

## Deputación Provincial de Ourense

### Anuncio

De conformidade co que acordou a Xunta de Goberno desta Deputación, na sesión ordinaria do día da data, convócase a XV edición do Premio “Pura e Dora Vázquez” de literatura infantil e xuvenil, nas modalidades de narración e ilustración, dotado con 3.000,00 € para a totalidade das súas modalidades, que se rexerá polas contías económicas de cada unha delas, que se indican de seguido e con suxeición ás seguintes bases:

#### A) Modalidade narración:

1.- Constitúe o obxecto destas bases a regulación da selección dunha obra que será premiada pola Deputación Provincial de Ourense dentro do concurso de narración infantil e xuvenil Pura e Dora Vázquez, na súa décimo quinta edición.

2.- Poderán presentarse ao concurso regulado nestas bases autores de calquera nacionalidade, sempre que presenten os seus orixinais en lingua galega.

3.- As narracións que se presenten terán temática libre, sempre adaptada a un público infantil ou xuvenil, e os textos presentados serán inéditos e totalmente orixinais. Coas seguintes características:

Os textos terán unha extensión mínima de 25 páxinas e máxima de 100 páxinas, formato A4, sempre escritos en programa Word, fonte tipográfica Times New Roman, tamaño de letra 12 puntos e interlineado 1,5.

4.- Debido á necesidade de garantir o anonimato dos participantes no concurso ata o momento de comunicación pública do veredicto, a presentación dos orixinais unicamente poderá realizarse do seguinte xeito:

a) De maneira presencial, entregando un exemplar da obra en sobre pechado indicando no seu exterior «Premio Pura e Dora Vázquez, modalidade de narración, na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros.

b) Remitindo por correo certificado o exemplar da obra en sobre pechado, indicando no seu exterior «Premio Pura e Dora Vázquez, modalidade de narración», ao seguinte enderezo:

Deputación Provincial de Ourense

Rexistro Xeral

Rúa do Progreso, 32

32003 Ourense

As obras remitidas irán asinadas exclusivamente con pseudónimo. Dentro do sobre introducirase outro sobre pechado en cuxo exterior figurará o pseudónimo do autor e título da obra, e no seu interior os seguintes datos: título da obra, nome e apelidos e pseudónimo do autor, enderezo postal, teléfono, enderezo electrónico e unha fotocopia do DNI.

Cando as obras se remitan por correo certificado, deberá remitirse por correo electrónico á dirección [publicacions@depourense.es](mailto:publicacions@depourense.es) unha copia do xustificante do envío emitido pola oficina postal.

5.- O prazo de presentación de orixinais remata o 31 de maio de 2018. No caso de obras remitidas por correo, esa data deberá figurar como data de presentación na oficina postal no xustificante do envío, do que se deberá remitir unha copia escaneada por correo electrónico á seguinte dirección de correo electrónico: [publicacions@depourense.es](mailto:publicacions@depourense.es)

6.- Para esta modalidade de narración establécese un premio de 1.500 €.

7.- O xurado estará composto polos seguintes membros: o presidente da Deputación de Ourense (ou persoa, para o efecto, en que delegue) e catro vogais escollidos dos distintos ámbitos da Cultura de Galicia. Actuará de secretaria a xefa da Sección de Arquivo e Publicacións da Deputación Provincial de Ourense ou funcionario en que delegue (con voz e sen voto).

Os vogais serán designados pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade da Deputación Provincial a proposta dos grupos políticos da Corporación.

8.- A composición do xurado darase a coñecer en data que se comunicará oportunamente, e este emitirá o seu ditame no primeiro semestre de 2018.

9.- O acto de entrega do «XV Premio Pura e Dora Vázquez» nesta modalidade de narrativa será o día, lugar e hora que se comunicarán oportunamente.

10.- O premio poderá ser declarado deserto, no caso de que o xurado así o considere, e a decisión deste será inapelable.

11.- A Deputación de Ourense resérvase os dereitos da primeira edición da obra premiada nos idiomas galego e castelán, coa posibilidade de cederlles tales dereitos a terceiros. O beneficiario do premio, que se compromete a renunciar, expresamente, a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente vinte exemplares da obra premiada.

12.- Os orixinais non premiados poderán retirarse nos dous meses seguintes ao veredicto. Rematado ese prazo, os que non se retiren, serán destruídos.

A participación nesta convocatoria require a aceptación das normas contidas nestas bases.

#### B) Modalidade ilustración:

1.- Poderán concorrer ao premio ilustradores de calquera nacionalidade que presenten a súas ilustracións e orixinais, non menos de dez, tomando como base o texto premiado na modalidade de narración deste «XV Premio Pura e Dora Vázquez» de narración xuvenil.

2.- As ilustracións deberán adaptarse ao tamaño do libro, que será o seguinte:

a) Ilustración de portada: 145 x 210 mm, tamaño visible da portada co libro pechado, sen sangue. 513,6 x 216 mm, tamaño total incluído solapas, contraportada e sangue.

b) Ilustracións interiores: 296 x 216 mm, sobre páxina con sangue.

3.- A presentación de orixinais rexeráse polas mesmas regras establecidas na base A) apartado 4 para a modalidade de narración.

4.- O prazo de admisión de orixinais remata o 3 de setembro de 2018.

5.- Para esta modalidade de ilustración establécese un premio de 1.500 €.

6.- O xurado estará composto polos seguintes membros: o presidente da Deputación de Ourense (ou persoa, para o efecto, en que el delegue) e catro vogais escollidos dos distintos ámbitos da Cultura de Galicia. Actuará de secretaria a xefa da



Sección de Arquivo e Publicacións da Deputación Provincial de Ourense ou funcionario en quen delegue (con voz e sen voto).

Os vogais serán designados pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade da Deputación Provincial a proposta dos grupos políticos da Corporación.

7.- A composición do xurado darase a coñecer en data que se comunicará oportunamente, e este emitirá o seu ditame antes do 30 de setembro do 2018.

8.- O acto de entrega do XV «Premio Pura e Dora Vázquez» nesta modalidade de ilustración será o día, no lugar e á hora que se comunicarán oportunamente.

9.- O premio poderá ser declarado deserto, no caso que o xurado así o considere, e a decisión deste será inapelable.

10.- A Deputación de Ourense resérvase os dereitos da primeira edición da obra premiada nos idiomas galego e castelán, coa posibilidade de cedellos tales dereitos a terceiros. O beneficiario do premio, que se compromete a renunciar, expresamente, a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente vinte exemplares da obra premiada.

11.- Os orixinais non premiados poderán retirarse nos dous meses seguintes ao veredicto. Rematado ese prazo, os que non se retiren, serán destruídos.

A participación nesta convocatoria require a aceptación das normas contidas nestas bases.

A Deputación de Ourense publicará a obra premiada, tanto o texto como as ilustracións, e distribuirá gratuitamente os exemplares necesarios para os centros de lectura da provincia de Ourense (bibliotecas, centros de ensinanza, asociacións e entidades culturais), e disporá de exemplares para a súa distribución venal nas condicións establecidas na Ordenanza reguladora de Publicacións publicada no BOP do día 19 de novembro de 2013.

Ourense, 6 de abril de 2018. O presidente.

## Diputación Provincial de Ourense

### Anuncio

*De conformidade con lo que acordó la Junta de Gobierno de esta Diputación, en la sesión ordinaria del día de la fecha, se convoca la XV edición del Premio “Pura y Dora Vázquez” de literatura infantil y juvenil, en las modalidades de narración e ilustración, dotado con 3.000,00 € para la totalidad de sus modalidades, que se regirá por las cuantías económicas de cada una de ellas, que se indican a continuación y con sujeción a las siguientes bases:*

#### A) Modalidad narración:

1.- Constituye el objeto de las presentes bases la regulación de la selección de una obra que será premiada por la Diputación Provincial de Ourense dentro del concurso de narración infantil y juvenil Pura y Dora Vázquez, en su decimoquinta edición.

2.- Podrán presentarse al concurso regulado en estas bases autores de cualquier nacionalidad, siempre que presenten sus originales en lengua gallega.

3.- Las narraciones que se presenten tendrán temática libre, siempre adaptada a un público infantil o juvenil, y los textos presentados serán inéditos y totalmente originales. Con las siguientes características:

Los textos tendrán una extensión mínima de 25 páginas y máxima de 100 páginas, formato A4, siempre escritos en programa Word, fuente tipográfica Times New Roman, tamaño de letra 12 puntos e interlineado 1,5.

4.- Debido a la necesidad de garantizar el anonimato de los participantes en el concurso hasta el momento de comunicación pública del fallo, la presentación de los originales únicamente podrá realizarse del siguiente modo:

a) De manera presencial, entregando un ejemplar de la obra en sobre cerrado indicando en su exterior «Premio Pura y Dora Vázquez, modalidad de narración, en la oficina de asistencia al ciudadano en materia de registros.

b) Remitiendo por correo certificado el ejemplar de la obra en sobre cerrado, indicando en su exterior «Premio Pura y Dora Vázquez, modalidad de narración», a la siguiente dirección:

Diputación Provincial de Ourense

Registro General

Calle del Progreso, 32

32003 Ourense

Las obras remitidas irán firmadas exclusivamente con pseudónimo. Dentro del sobre se introducirá otro sobre cerrado en cuyo exterior figurará el pseudónimo del autor y título de la obra, y en su interior los siguientes datos: título de la obra, nombre y apellidos y pseudónimo del autor, domicilio postal, teléfono, dirección electrónica y una fotocopia del DNI.

Cuando las obras se remitan por correo certificado, deberá remitirse por correo electrónico a la dirección [publicacions@depourense.es](mailto:publicacions@depourense.es) una copia del justificante del envío emitido por la oficina postal.

5.- El plazo de presentación de originales remata el 31 de mayo de 2018. En el caso de obras remitidas por correo, esa fecha deberá figurar como fecha de presentación en la oficina postal en el justificante del envío, del que se deberá remitir una copia escaneada por correo electrónico a la siguiente dirección de correo electrónico: [publicacions@depourense.es](mailto:publicacions@depourense.es)

6.- Para esta modalidad de narración se establece un premio de 1.500 €.

7.- El jurado estará compuesto por los siguientes miembros: el presidente de la Diputación de Ourense (o persona, al efecto, en que delegue) y cuatro vocales escogidos de los distintos ámbitos de la Cultura de Galicia. Actuará de secretaria la jefa de la Sección de Archivo y Publicaciones de la Diputación Provincial de Ourense o funcionario en que delegue (con voz y sin voto).

Los vocales serán designados por la Comisión Informativa de Cultura, Deportes y Mocidade de la Diputación Provincial a propuesta de los grupos políticos de la Corporación.

8.- La composición del jurado se dará a conocer en fecha que se comunicará oportunamente, y éste emitirá su fallo en el primer semestre de 2018.

9.- El acto de entrega del «XV Premio Pura y Dora Vázquez» en esta modalidad de narrativa será el día, lugar y hora que se comunicarán oportunamente.

10.- El premio podrá ser declarado desierto, en el caso de que el jurado así lo considere, y la decisión de éste será inapelable.

11.- La Diputación de Ourense se reserva los derechos de la primera edición de la obra premiada en los idiomas gallego y castelano, con la posibilidad de ceder tales derechos a terceros. El beneficiario del premio, que se compromete a renunciar, expresamente, a cualquier pretensión sobre dichos derechos, recibirá gratuitamente veinte exemplares de la obra premiada.

12.- Los originales no premiados podrán retirarse en los dos meses siguientes al fallo. Rematado ese plazo, los que no se retiren, serán destruídos.



*La participación en esta convocatoria requiere la aceptación de las normas contenidas en estas bases.*

*B) Modalidad ilustración:*

*1.- Podrán concurrir al premio ilustradores de cualquier nacionalidad que presenten sus ilustraciones y originales, no menos de diez, tomando como base el texto premiado en la modalidad de narración de este «XV Premio Pura y Dora Vázquez» de narración juvenil.*

*2.- Las ilustraciones deberán adaptarse al tamaño del libro, que será el siguiente:*

*a) Ilustración de portada: 145 x 210 mm, tamaño visible de la portada con el libro cerrado, sin sangre. 513,6 x 216 mm, tamaño total incluido solapas, contraportada y sangre.*

*b) Ilustraciones interiores: 296 x 216 mm, sobre página con sangre.*

*3.- La presentación de originales se registrará por las mismas reglas establecidas en la base A) apartado 4 para la modalidad de narración.*

*4.- El plazo de admisión de originales remata el 3 de septiembre de 2018.*

*5.- Para esta modalidad de ilustración se establece un premio de 1.500 €.*

*6.- El jurado estará compuesto por los siguientes miembros: el presidente de la Diputación de Ourense (o persona, al efecto, en que él delegue) y cuatro vocales escogidos de los distintos ámbitos de la Cultura de Galicia. Actuará de secretaria la jefa de la Sección de Archivo y Publicaciones de la Diputación Provincial de Ourense o funcionario en quien delegue (con voz y sin voto).*

*Los vocales serán designados por la Comisión Informativa de Cultura, Deportes y Mocedad de la Diputación Provincial a propuesta de los grupos políticos de la Corporación.*

*7.- La composición del jurado se dará a conocer en fecha que se comunicará oportunamente, y éste emitirá su fallo antes del 30 de septiembre de 2018.*

*8.- El acto de entrega del XV «Premio Pura y Dora Vázquez» en esta modalidad de ilustración será el día, en el lugar y a la hora que se comunicarán oportunamente.*

*9.- El premio podrá ser declarado desierto, en el caso que el jurado así lo considere, y la decisión de éste será inapelable.*

*10.- La Diputación de Ourense se reserva los derechos de la primera edición de la obra premiada en los idiomas gallego y castellano, con la posibilidad de ceder tales derechos a terceros. El beneficiario del premio, que se compromete a renunciar, expresamente, a cualquier pretensión sobre dichos derechos, recibirá gratuitamente veinte ejemplares de la obra premiada.*

*11.- Los originales no premiados podrán retirarse en los dos meses siguientes al fallo. Rematado ese plazo, los que no se retiren, serán destruidos.*

*La participación en esta convocatoria requiere la aceptación de las normas contenidas en las presentes bases.*

*La Diputación de Ourense publicará la obra premiada, tanto el texto como las ilustraciones, y distribuirá gratuitamente los ejemplares necesarios para los centros de lectura de la provincia de Ourense (bibliotecas, centros de enseñanza, asociaciones y entidades culturales), y dispondrá de ejemplares para su distribución venal en las condiciones establecidas en la Ordenanza Reguladora de Publicaciones publicada en el BOP del día 19 de noviembre de 2013.*

*Ourense, 6 de abril de 2018. El presidente.*

**R. 1.086**

### III. COMUNIDADE AUTÓNOMA III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

**Consellería de Economía, Emprego e Industria  
Dirección Xeral de Enerxía e Minas  
Santiago de Compostela**

Resolución do 6 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da infraestrutura gasista correspondente ao proxecto de “Planta regasificación de gas natural licuado (GNL) e ampliación de rede en MOP 3,5 bar para subministración ao termo municipal do Barco de Valdeorras (Ourense)”, promovido por Nedgia Galicia, S.A. (expediente IN627A 2017/31-0).

Para os efectos previstos no artigo 73 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e no artigo 78 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, sométese a información pública o seguinte proxecto de autorización administrativa:

Peticionario: Nedgia Galicia, S.A., co CIF n.º A15383284 e con enderezo para os efectos de notificación na rúa Lisboa, s/n, Edificio Área Central, local 31-HIJ, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

Antecedentes:

O 22/5/2012 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas ditou resolución pola que se outorgou a Gas Galicia SDG, S.A. a autorización administrativa para a distribución de gas natural canalizado no termo municipal do Barco de Valdeorras (expediente IN627A 2008/12-0) que se publicou no Diario Oficial de Galicia do 13/7/2012 e no Boletín Oficial da provincia de Ourense do 15/9/2012.

O 27/11/2017 Gas Galicia SDG, S.A. (actualmente Nedgia Galicia, S.A.) solicitou a autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución para a planta de regasificación de gas natural licuado (GNL) e ampliación de rede en MOP 3,5 para a subministración ao termo municipal do Barco de Valdeorras (Ourense).

Obxecto da petición: o obxecto da petición é a autorización para executar a infraestrutura gasista correspondente á planta satélite de almacenamento e regasificación de gas natural licuado (GNL) para a subministración de gas natural ao termo municipal do Barco de Valdeorras.

Descrición das instalacións:

A instalación estará formada por:

- Un tanque de almacenamento de GNL vertical de 80 m<sup>3</sup> (79,9 m<sup>3</sup> volume neto), unidade para descarga de cisternas, módulos de regasificación, regulación, medida, odorización e sistemas auxiliares; con saída do gas natural a 3,5 bar de presión.

- Consumo previsto: 1.089,00 Nm<sup>3</sup>/h (cunha capacidade de regasificación de 1.260 Nm<sup>3</sup>/h).

- A superficie de ocupación do módulo de regasificación é de 1.310,64 m<sup>2</sup>.

- A instalación localizarase na parcela 3977537PG6947S0001FM do Polígono Industrial A Raña 227, solo 32315 de O Barco de Valdeorras (Ourense).

- Rede de distribución de gas natural a MOP de 3,5 bar cunha lonxitude de 7 m en polietileno de alta densidade.

Concello: as solicitudes aféctanlle ao termo municipal do Barco de Valdeorras, na provincia de Ourense.



Orzamento: douscentos catro mil cincocentos corenta euros con dezanove céntimos (204.540,19 €).

Isto faise público para coñecemento xeral e para que todas aquelas persoas, naturais ou xurídicas, que se consideren prejudicadas nos seus dereitos, poidan presentar as súas alegacións, no prazo de 20 días a partir da data de publicación deste anuncio, podendo examinar o correspondente proxecto na Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Edificio Administrativo San Caetano, bloque 5, 4º andar, 15781 Santiago de Compostela, así como na Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Economía, Emprego e Industria, rúa M. Curros Enríquez, 1, 32003 Ourense.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018. O director xeral de Enerxía e Minas.

Asdo.: Ángel Bernardo Tahoces.

### **Consellería de Economía, Emprego e Industria** **Dirección General de Enerxía y Minas** Santiago de Compostela

Resolución de 6 de marzo de 2018, de la Dirección General de Enerxía y Minas, por la que se somete a información pública la solicitud de autorización administrativa y aprobación del proyecto de ejecución de la infraestructura gasista correspondiente al proyecto de "Planta regasificación de gas natural licuado (GNL) y ampliación de red en MOP 3,5 bar para suministro al término municipal de O Barco de Valdeorras (Ourense)", promovido por Nedgia Galicia, S.A. (expediente IN627A 2017/31-0).

A los efectos previstos en el artículo 73 de la Ley 34/1998, de 7 de octubre, del Sector de Hidrocarburos y en el artículo 78 del Real Decreto 1434/2002, de 27 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de gas natural, se somete a información pública el siguiente proyecto de autorización administrativa:

Peticionario: Nedgia Galicia, S.A., con CIF n.º A15383284 y con dirección a efectos de notificación en la calle Lisboa, s/n, Edificio Área Central, local 31-HIJ, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

#### **Antecedentes:**

El 22/5/2012 la Dirección General de Industria, Enerxía y Minas dictó resolución por la que se otorgó a Gas Galicia SDG, S.A. la autorización administrativa para la distribución de gas natural canalizado en el término municipal de O Barco de Valdeorras (expediente IN627A 2008/12-0) que se publicó en el Diario Oficial de Galicia de 13/7/2012 y en el Boletín Oficial de la provincia de Ourense de 15/9/2012.

El 27/11/2017 Gas Galicia SDG, S.A. (actualmente Nedgia Galicia, S.A.) solicitó la autorización administrativa y la aprobación del proyecto de ejecución para la planta de regasificación de gas natural licuado (GNL) y ampliación de red en MOP 3,5 para el suministro al término municipal de O Barco de Valdeorras (Ourense).

Objeto de la petición: el objeto de la petición es la autorización para ejecutar la infraestructura gasista correspondiente a la planta satélite de almacenamiento y regasificación de gas natural licuado (GNL) para el suministro de gas natural al término municipal de O Barco de Valdeorras (Ourense).

#### **Descripción de las instalaciones:**

La instalación estará formada por:

- Un tanque de almacenamiento de GNL vertical de 80 m<sup>3</sup> (79,9 m<sup>3</sup> volumen neto), unidad para descarga de cisternas, módulos de regasificación, regulación, medida, odorización y

sistemas auxiliares; con salida del gas natural a 3,5 bar de presión.

- Consumo previsto: 1.089,00 Nm<sup>3</sup>/h (con una capacidad de regasificación de 1.260 Nm<sup>3</sup>/h)

- La superficie de ocupación del módulo de regasificación es de 1.310,64 m<sup>2</sup>.

- La instalación se ubicará en la parcela 3977537PG6947S0001FM del Polígono Industrial A Raña 227, suelo 32315 de O Barco de Valdeorras (Ourense).

- Red de distribución de gas natural a MOP de 3,5 bar con una longitud de 7 m en polietileno de alta densidad.

Ayuntamiento: las solicitudes afectan al término municipal de O Barco de Valdeorras, en la provincia de Ourense.

Presupuesto: doscientos cuatro mil quinientos cuarenta euros con diecinueve céntimos (204.540,19 €)

Lo que se hace público para conocimiento general y para que todas aquellas personas, naturales o jurídicas, que se consideren perjudicadas en sus derechos, puedan presentar sus alegaciones, en el plazo de 20 días a partir de la fecha de publicación de este anuncio, pudiendo examinar el correspondiente proyecto en la Dirección General de Enerxía y Minas, Edificio Administrativo San Caetano, bloque 5, planta 4ª, 15781 Santiago de Compostela, así como en la Jefatura Territorial de Ourense de la Consellería de Economía, Emprego e Industria, calle M. Curros Enríquez, 1, 32003 Ourense.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018. El director general de Enerxía y Minas.

Fdo.: Ángel Bernardo Tahoces.

R. 923

### **Consellería de Infraestructura e Vivenda** **Servizo Provincial da AXI** Ourense

Resolución do 23 de marzo de 2018, do Servizo Provincial de Ourense, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Mellora da seguridade viaria na OU-105-Seixalbo, de clave OU/16/247.06, no concello de Ourense.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu ordinal 2º a competencia da Comunidade Autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

O 15 de decembro de 2017, apróbase o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción Mellora da seguridade viaria na OU-105-Seixalbo, de clave OU/16/247.06.

Con data do 18 de xaneiro de 2018 a Xunta de Galicia declarou de utilidade pública e urxente ocupación os bens e dereitos necesarios para os efectos de expropiación para a mencionada obra, mediante o Decreto 5/2018, publicado no Diario Oficial de Galicia do 25 de xaneiro de 2018.

Na súa virtude e en cumprimento do disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do Regulamento para a súa aplicación, este servizo, en uso das facultades que lle confire o artigo 98 da mencionada lei, resolveu convocar os titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios do Concello de Ourense, para que comparezan no lugar, data e hora que se detallan a continuación co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación nas cales se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápi-

da ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Termo municipal de Ourense.

Lugar: Local Social Asociación de Veciños de San Breixo de Seixalbo.

Data: 16 de maio de 2018, desde as dez horas trinta minutos ata as once horas.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como o plano parcelario correspondente estarán expostos no Concello de Ourense e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Ourense (r/ Sáenz Díez, n.º 1).

Ao dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome e xuntaren os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade e o último recibo da contribución, podendo facerse acompañar pola súa conta, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notarios.

Así mesmo, e en cumprimento do establecido nos artigos 17, 18 e 19 da Lei de expropiación forzosa e do 56 do Regulamento da Lei de expropiación forzosa, ábrese información pública durante un prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución e ata o momento do levantamento da acta previa correspondente, co fin de que os interesados poidan formular por escrito, ante este Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Ourense (r/ Sáenz Díez, n.º 1), as alegacións que consideren pertinentes para os efectos previstos na regulación referida.

Tamén se comunica que deberán comparecer ao acto achegando as escrituras de propiedade dos predios e o documento nacional de identidade, así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, a fin de proceder aos sucesivos pagos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria.

Conforme establece o artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a publicación desta resolución no Boletín Oficial do Estado servirá como notificación aos posibles interesados que non puidesen ser identificados, aos titulares de bens e dereitos que sexan descoñecidos, a aqueles dos que se ignore o seu domicilio, ou ben a quen, intentada a súa notificación, non se puidese practicar.

Ourense, 23 de marzo de 2018. O Xefe do Servizo Provincial de Ourense.

Asdo.: Marcos Buide Pollán.

## **Consellería de Infraestruturas y Vivienda**

### **Servicio Provincial de la AXI Ourense**

*Resolución de 23 de marzo de 2018, del Servicio Provincial de Ourense, por la que se señala la fecha para el levantamiento de actas previas a la ocupación de los bienes y derechos afectados por el proyecto de construcción Mejora de la seguridad viaria en la OU-105-Seixalbo, de clave OU/16/247.06, en el ayuntamiento de Ourense.*

*El artículo 28 del vigente Estatuto de autonomía de Galicia establece en su apartado 2º la competencia de la Comunidad Autónoma gallega en el desarrollo legislativo y la ejecución de la legislación del Estado en materia de expropiación forzosa.*

*El 15 de diciembre de 2017, se aprueba el expediente de información pública y definitivamente el proyecto de construcción Mejora de la seguridad viaria en la OU-105-Seixalbo, de clave OU/16/247.06.*

*En fecha 18 de enero de 2018 la Xunta de Galicia procedió a la declaración de utilidad pública y urgente ocupación de los bienes y derechos necesarios a los efectos de expropiación para la mencionada obra, mediante el Decreto 5/2018, publicado en el Diario Oficial de Galicia de 25 de enero de 2018.*

